*Resolución do 2 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no* Diario Oficial de Galicia, *do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o sector de perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2010.*

Visto o acordo subscrito o 20 de xaneiro de 2010 pola comisión paritaria do convenio colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o sector de perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

*ACORDA:*

Primeiro.-Ordenar a inscrición da dita revisión salarial no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

*ANEXO*

**Acta da comisión paritaria do convenio colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia para perrucarías de señoras, cabaleiros, unisex e beleza de Galicia 2007-2010**

En Ourense, ás 10.00 horas do día 20 de xaneiro de 2010, reúnense nos locais da CEO, sitos na praza das Damas, nº 1, a representación sindical e empresarial do convenio colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia para perrucarías de señoras, cabaleiros, unisex e beleza, formada polas persoas que a continuación se indican:

Pola parte empresarial: a Federación de Empresarios de Perrucaría e Estética de Galicia (Fepega): Antonio Peiteado Iglesias, Camilo Sotelo Barroso. Pola parte social: por UGT: Rogelio Cibeira Fernández e Rosa Acuña.

Iniciada a sesión, adóptase o seguinte acordo:

Actualizar a táboa salarial de conformidade co establecido no artigo 22. Unha vez constatado que o IPC real de 2009 foi o 0,8%, procede aplicar ao salario esta porcentaxe incrementada no 0,50%, resultando un incremento final do 1,3% e, en consecuencia, a seguinte táboa salarial.

| Grupo profesional I | Salarios |
|---|---|
| Recepcionista<br>Telefonista<br>Ordenanza | 648,46 € |
| Grupo profesional II | |
| Oficial 2ª e oficial administrativo<br>Oficial 3ª<br>Axudante<br>Masaxista<br>Manicura, pedicura, depilación<br>Esteticista<br>Caixeira<br>Vendedores | 680,88 € |
| Grupo profesional III | |
| Oficial 1ª<br>Encargada de salón | 713,3 € |

*Resolución do 2 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da Confederación Intersindical Galega (CIG).*

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentaron os novos estatutos da Confederación Intersindical Galega (CIG), nos cales se recollen as modificacións aprobadas no V Congreso que tivo lugar en Santiago de Compostela os días 20 e 21 de xuño de 2009.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

## INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

*Resolución do 30 de marzo de 2010 pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións para o ano 2010 ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de gastos correntes das súas oficinas de atención ao consumidor.*

O artigo 51 da Constitución española establece que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios protexendo, mediante procedementos eficaces a seguridade, saúde e os lexítimos intereses económicos deles.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30, número 1 parágrafo cuarto, outórgalle á Comuni-